

VIEIROS

Edición xeral

Recuperando unha vella arela: un xornal en galego

Vén de darse a coñecer a través da súa páxina web [Edicións de Referencia](#), unha sociedade adicada a crear un diario progresista e en galego. Trataríase dun xornal para darlle voz a "unha Galicia distinta, máis urbana, máis progresista e máis galeguista, que demanda máis e mellor democracia, máis e mellor benestar". Este proxecto partiu de algúns membros do foro Luzes de Galiza que, dende hai máis dun ano, comezaron a traballar na creación dunha empresa que dea lugar a este medio. Entre os seus promotores está xente como Xavier Seoane, Miguel Anxo Fernán-Vello, Fermín Bouza, Henrique Monteagudo, Ceférino Díaz ou Antón Baamonde. Na súa web poden consultar algúns datos sobre as súas análises de viabilidade económica, a súa liña editorial e o seu proxecto de empresa. Cómprelles un investimento inicial mínimo de 500 millóns que, segundo eles, será achegado por un grupo de comunicación español e por investidores máis pequenos, a razón de 500.000 pesetas por acción.

- 10:27 26/12/2000